

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	57
4.2. Materiais e recursos didácticos	59
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	61
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	61
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	62
6. Medidas de atención á diversidade	62
7.1. Concreción dos elementos transversais	63
7.2. Actividades complementarias	65
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	66
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	68
9. Outros apartados	68

1. Introducción

O Instituto de Ensinanza Secundaria ARMANDO COTARELO VALLEDOR comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de FP Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de Ensino Medio da vila. Pero o curso 2022/23, trala conversión en CIFP deste último centro, a citada rama de Comercio regresou ao mesmo pasando todas as ensinanzas de ESO e Bacharelato daquel centro para o noso e mantendo tamén as de Administración e Informática.

Os centros adscritos dos que procede a maioría do noso alumnado son os de Vilaxoán, Rubiáns, o Piñeiriño e A Lomba aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da vila.

SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DO CONTORNO

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo do concello de Vilagarcía de Arousa, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

O nivel de vida da poboación é de tipo medio sendo escasos os alumnos e alumnas que esperan acceder a estudos universitarios.

Das declaracións do noso alumnado nas súas solicitudes de matrícula dedúcese que a Renda Media oscila entre os 600 e 1000 €.

As principais actividades económicas do contorno son:

Pesca e marisqueo.

Agricultura.

Hostalería.

Conserva.

Acuicultura (parques flotantes de mexillóns e ostras, cetarias e depuradoras).

Traballo no 2º sector.

Polo que se refire ao nivel cultural do entorno familiar no que se desenvolve o noso alumnado, constatamos que é baixo: os pais e nais dos nosos rapaces e rapazas non accederon a estudos medios e nalgúns casos non completaron os estudos primarios.

Alguns problemas que non podemos obviar como Centro de ensino, son os seguintes:

A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.

A influencia que exerce sobre o noso alumnado o chamado "diñeiro fácil".

O prestixio social do que gozan, entre algúns dos nosos rapaces e rapazas, certas persoas que fixeron unha fortuna por medio de actividades delituosas.

A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (ou que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).

O escaso nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.

A gran cantidade de accidentes de tráfico que afectan a adolescentes da zona.

Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán, aínda que no entorno familiar a lingua máis empregada é o galego.

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquieran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para

pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríentase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

1. Un mundo en movemento. Nesta unidade traballaremos, a partir da lectura inicial, os dereitos sociais das mulleres e debatiremos sobre as desigualdades entre homes e mulleres no mundo. Estudaremos as propiedades dos textos, os constituíntes e a clasificación das palabras. Na parte de semántica veremos o significado e as causas dos seus cambios e significado denotativo e connotativo. Na parte de literatura estudaremos de forma xeral os xéneros e subxéneros literarios e faremos fincapé na métrica (análise dos versos, as estrofas e recursos literarios). Primeiro achegamento a un comentario de texto literario. Ortografía: a acentuación xeral, ditongos, tritongos e hiatos.
2. Pasado, presente e futuro. Nesta unidade traballaremos, a través do texto inicial, o tema da emigración e as súas consecuencias. No apartado da comunicación traballaremos as características dos textos narrativos e a clasificación

das narracións (literarias e non literarias). Na reflexión sobre a lingua veremos os tipos de enunciados e as funcións da linguaxe. Tamén se comezará cos tipos de frase coa fin de comezar coa análise da cláusula simple. Na parte literaria comezaremos coa literatura da Idade Media: lírica primitiva, mester de xoglaría, épica (Cantar de Mio Cid), romanceiro, mester de clerecía e poesía cortesá. Ortografía: o til diacrítico.

3. O poder da paz. Nesta unidade traballaremos, a partir do texto inicial, sobre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a paz e a xustiza. Na parte de comunicación traballaranse os textos descritivos e as súas características. Na reflexión sobre a lingua veremos a frase nominal e sustantiva e a clasificación e as características dos sustantivos, dos determinantes e dos pronomes coma formantes deste tipo de frase. Na parte literaria estudaremos a prosa medieval (Alfonso X o Sabio e Don Juan Manuel) e o teatro medieval. Realizarase o comentario dun conto de El conde Lucanor. Ortografía: os nomes propios. Uso de g/j.

4. Conta comigo. A través da lectura desta unidade, ademais da lectura comprensiva, discutiremos sobre a necesidade de conservar o patrimonio cultural dos países. Veremos vocabulario novo co tema do amor. Na parte de comunicación traballaranse os textos prescritivos e da vida cotiá, así como as súas características, clasificación e estrutura. Reflexión sobre a lingua: o adxectivo. Características, clasificación e o uso na frase adxectiva. Educación literaria: La Celestina. Ortografía: o uso do h.

5. Harmonía coa natureza. A través da lectura reflexionaremos sobre a natureza e a necesidade de sermos ecolóxicos. Comunicación: textos dialogados. Características, clasificación e estrutura. Reflexión sobre a lingua: abordaremos os complementos circunstanciais e, polo tanto, estudaremos a frase adverbial e a frase preposicional coa fin de completar o estudo da frase e comezar coa análise da cláusula simple. Educación literaria: comezamos co Renacemento: petrarquismo e Garcilaso de la Vega. A literatura relixiosa (frei Luis de León, Xoán da Cruz). Análise dun soneto de Garcilaso e redacción dun comentario literario. Ortografía: uso de b/v.

6. O gran azul. A través da lectura analizaremos o perigo dos grandes animais mariños e coñeceremos máis vocabulario relacionado co mundo da aventura. Na comunicación veremos os textos expositivos: características e estrutura. Reflexión sobre a lingua: a cláusula simple (suxeito e predicado, impersonais). Literatura: a prosa de ficción no Renacemento (tipos de narracións e o Lazarillo). Ortografía: uso de ll/y.

7. Aprender a ser. A través do texto inicial reflexionase sobre a importancia dunha boa educación en valores para un futuro pleno. Aumentaremos o vocabulario sobre estes temas. Comunicación: tócalle o turno aos textos argumentativos e aprenderemos a razoar, ademais das diferentes formas de facelo. Reflexión sobre a lingua: o verbo. Características e conjugación. Educación literaria: Cervantes e a súa obra. O Quixote. Ortografía: Os signos de puntuación.

8. Artes conectadas. A partir dun texto inicial adentrarémonos no estudo e na estrutura dos textos periodísticos. O tema relacionado será o do esforzo para conseguirmos os nosos obxectivos. Comunicación: textos periodísticos (a noticia, a entrevista, a reportaxe). Reflexión sobre a lingua: clasificación das cláusulas simples e análise das mesmas. Educación literaria: o teatro barroco (Lope de Vega, Tirso de Molina e Calderón de la Barca). Ortografía: palabras xuntas e separadas.

9. A orixe do castelán. A través do texto inicial reflexionaremos sobre a importancia do castelán no mundo. Comunicación: os textos publicitarios. A súa influencia e importancia na nosa sociedade e na vida diaria. Reflexión sobre a lingua: estudaremos a orixe das linguas romances. Literatura: a poesía e a prosa barrocas (Góngora, Quevedo e Lope de Vega). Comentario de texto sobre un soneto de Góngora. Ortografía: a acentuación de extranxeirismos e palabras compostas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un mundo en movemento	Nesta unidade traballaremos, a partir da lectura inicial, os dereitos sociais das mulleres e debatiremos sobre as desigualdades entre homes e mulleres no mundo. Estudaremos as propiedades dos textos, os constituíntes e a clasificación das palabras. Na parte de semántica veremos o significado e as causas dos seus cambios e significado denotativo e connotativo. Na parte de literatura estudaremos de forma xeral os xéneros e subxéneros literarios e faremos fincapé na métrica (análise dos versos, as estrofas e recursos literarios). Primeiro achegamento a un comentario de	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un mundo en movemento	texto literario. Ortografía: a acentuación xeral, ditongos, tritongos e hiatos.	10	10	X		
2	Pasado, presente e futuro	Nesta unidade traballaremos, a través do texto inicial, o tema da emigración e as súas consecuencias. No apartado da comunicación traballaremos as características dos textos narrativos e a clasificación das narracións (literarias e non literarias). Na reflexión sobre a lingua veremos os tipos de enunciados e as funcións da linguaxe. Tamén se comezará cos tipos de frase coa fin de comezar coa análise da cláusula simple. Na parte literaria comezaremos coa literatura da Idade Media: lírica primitiva, mester de xoglaría, épica (Cantar de Mio Cid), romanceiro, mester de clerecía e poesía cortesá. Ortografía: o til diacrítico.	10	10	X		
3	O poder da paz	Nesta unidade traballaremos, a partir do texto inicial, sobre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a paz e a xustiza. Na parte de comunicación traballaranse os textos descritivos e as súas características. Na reflexión sobre a lingua veremos a frase nominal e sustantiva e a clasificación e as características dos sustantivos, dos determinantes e dos pronomes coma formantes deste tipo de frase. Na parte literaria estudaremos a prosa medieval (Alfonso X o Sabio e Don Juan Manuel) e o teatro medieval. Realizarase o comentario dun conto de El conde Lucanor. Ortografía: os nomes propios. Uso de g/j.	10	10	X		
4	Conta comigo	A través da lectura desta unidade, ademais da lectura comprensiva, discutiremos sobre a necesidade de conservar o patrimonio cultural dos países. Veremos vocabulario novo co tema do amor. Na parte de comunicación traballaranse os textos prescritivos e da vida cotiá, así como as súas características, clasificación e estrutura. Reflexión sobre a lingua: o adxectivo. Características, clasificación e o uso na frase adxectiva. Educación literaria: La Celestina. Ortografía: o uso do h.	15	12		X	
5	Harmonía coa natureza	A través da lectura reflexionaremos sobre a natureza e a necesidade de sermos ecolóxicos. Comunicación: textos dialogados. Características, clasificación e estrutura. Reflexión sobre a lingua: abordaremos os complementos circunstanciais e, polo tanto, estudaremos a frase adverbial e a frase preposicional coa fin de completar o estudo da frase e comezar coa análise da cláusula simple.	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Harmonía coa natureza	Educación literaria: comezamos co Renacemento: petrarquismo e Garcilaso de la Vega. A literatura relixiosa (frei Luis de León, Xoán da Cruz). Análise dun soneto de Garcilaso e redacción dun comentario literario. Ortografía: uso de b/v.	10	15		X	
6	O gran azul	A través da lectura analizaremos o perigo dos grandes animais mariños e coñeceremos máis vocabulario relacionado co mundo da aventura. Na comunicación veremos os textos expositivos: características e estrutura. Reflexión sobre a lingua: a cláusula simple (suxeito e predicado, impersoais). Literatura: a prosa de ficción no Renacemento (tipos de narracións e o Lazarillo). Ortografía: uso de ll/y.	15	10		X	
7	Aprender a ser	A través do texto inicial reflexionárase sobre a importancia dunha boa educación en valores para un futuro pleno. Aumentaremos o vocabulario sobre estes temas. Comunicación: tócalle o turno aos textos argumentativos e aprenderemos a razoar, ademais das diferentes formas de facelo. Reflexión sobre a lingua: o verbo. Características e conxugación. Educación literaria: Cervantes e a súa obra. O Quixote. Ortografía: Os signos de puntuación.	10	13			X
8	Artes conectadas	A partir dun texto inicial adentrarémonos no estudo e na estrutura dos textos periodísticos. O tema relacionado será o do esforzo para conseguirmos os nosos obxectivos. Comunicación: textos periodísticos (a noticia, a entrevista, a reportaxe). Reflexión sobre a lingua: clasificación das cláusulas simples e análise das mesmas. Educación literaria: o teatro barroco (Lope de Vega, Tirso de Molina e Calderón de la Barca). Ortografía: palabras xuntas e separadas.	10	15			X
9	A orixe do castelán	A través do texto inicial reflexionaremos sobre a importancia do castelán no mundo. Comunicación: os textos publicitarios. A súa influencia e importancia na nosa sociedade e na vida diaria. Reflexión sobre a lingua: estudaremos a orixe das linguas romances. Literatura: a poesía e a prosa barrocas (Góngora, Quevedo e Lope de Vega). Comentario de texto sobre un soneto e Góngora. Ortografía: a acentuación de extranxeirismos e palabras compostas.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un mundo en movemento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos	PE	70
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da linguaxe os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua	TI	30
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a forma e o contido de textos orais		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Adoptar hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais sobre temas de interese persoal, social, educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Organizar a información e integrala en esquemas propios		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor,		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscristas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación

Contidos

- das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
2	Pasado, presente e futuro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos	PE	70
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos		
